

b) Orde do 14 de agosto de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal da Fundación Pública Hospital da Barbanza (DOG do 24 de agosto).

c) Orde do 20 de setembro de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (DOG do 10 de outubro).

d) Orde do 20 de setembro de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia (DOG do 10 de outubro).

e) Orde do 20 de setembro de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal do Instituto Galego de Medicina Técnica (DOG do 10 de outubro). Tras o Decreto 209/2008, do 28 de agosto, as referencias á dita entidade enténdense realizadas a Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

f) Orde do 8 de novembro de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal da Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (DOG do 29 de novembro).

Artigo 2. Requisitos e procedemento

1. No presente procedemento de integración aplicaranse os requisitos, procedemento e demais regulación contida nas ordes citadas no artigo 1, xuntamente coas táboas de homologación incluídas como anexo da presente orde.

2. Como excepción, os prazos de solicitude, resolución e efectos da integración serán os determinados no artigo 3.

Artigo 3. Prazos

1. As solicitudes de integración presentaranse no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e dirixiranse á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde; poderán ser presentadas en calquera das formas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes de integración serán resoltas polo citado centro directivo no prazo dos tres meses seguintes á finalización do prazo de presentación. De non ter recaído resolución expresa neste prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas.



A integración no réxime estatutario terá efectos do día 1 do mes seguinte a aquel en que se dite a resolución estimatoria.

2. Polo que atinxe especificamente ao persoal incluído no réxime transitorio da Orde do 20 de setembro de 2007 pola que se regula o procedemento de integración do persoal da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia, que participe no proceso selectivo previsto, pola quenda de promoción interna, e non o supere, poderá exercer a súa opción de integración referida á praza en que teña a condición de persoal laboral *exco*, no prazo posesorio establecido na convocatoria; serán de aplicación os prazos de resolución e efectos da resolución estimatoria da integración contidos no número 1 deste artigo.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2014

Rocío Mosquera Álvarez
Conselleira de Sanidade

ANEXO

Hospital de Verín

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
Médico/a especialista /a (G-1-10)	Facultativo/a especialista de área
Médico/a especialista /a urxencias (G-1-28)	Médico/a de urxencias hospitalarias
Enfermeiro/a (G-4-04)	Enfermeiro/a
Auxiliar de enfermaría (G-8-01)	Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría
Técnico/a superior (G-3-02)	Grupo técnico da función administrativa
Técnico/a de grao medio (G-5-02)	Grupo de xestión da función administrativa
Auxiliar administrativo/a (G-9-08)	Grupo auxiliar da función administrativa
Administrativo/a (G-7-04)	Grupo administrativo da función administrativa

Hospital da Barbanza

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
DUE (G-4-02)	Enfermeiro/a



Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
Médico/a xeral	Médico/a xeral do CTG
ATS	Enfermeiro/a
Técnico/a especialista de laboratorio	Técnico/a superior en laboratorio de diagnose clínica
Auxiliar de clínica	Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría
Auxiliar de laboratorio	Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría
Axudante/a de laboratorio	Técnico/a superior en laboratorio de diagnose clínica
Responsable promoción	Persoal técnico superior
Técnico/a superior de xestión	Grupo técnico da función administrativa
Técnico/a de informática	Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información
Administrativo/a	Grupo administrativo da función administrativa
Auxiliar administrativo/a	Grupo auxiliar da función administrativa
Conductor/a-celador/a	Conductor/a
Técnico/a especialista en rama química	Técnico/a especialista non sanitario

Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
	Grupo técnico da función administrativa
Técnico/a de xestión (titulado/a superior) (G-3-09)	Persoal técnico superior
	Técnico/a superior en sistemas e tecnoloxías da información
Técnico/a medio/a (G-5-01)	Técnico/a xestión en sistemas e tecnoloxías da información
	Técnico/a especialista en sistemas e tecnoloxías da información
Oñcial/a administrativo/a (G-7-04)	Grupo administrativo da función administrativa
	Técnico/a especialista en sistemas e tecnoloxías da información
	Grupo auxiliar da función administrativa
Oñcial/a administrativo/a responsable área (G-7-08)	Grupo administrativo da función administrativa
Oñcial/a administrativo/a responsable (G-7-09)	Grupo administrativo da función administrativa
Auxiliar administrativo/a (G-9-08)	Grupo auxiliar da función administrativa

CVE-DOG: kcs2xb52-grt3-zc71-qj30-izwnpg1m7fg3



Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
Facultativo/a director/a técnico/a (G-1-33)	Facultativo/a especialista de área
Titulado/a superior non sanitario/a xefe/a de servizo (G-3-16)	Grupo técnico da función administrativa
	Técnico/a superior de tecnoloxías e sistemas de información
Titulado/a superior non sanitario/a xefe/a de sección (G-3-14)	Grupo técnico da función administrativa
Titulado/a superior non sanitario/a (G-3-04)	Grupo técnico da función administrativa
Titulado/a medio non sanitario/a xefe/a de sección (G-5-06)	Grupo de xestión da función administrativa
Técnico/a especialista sanitario (G-6-03)	Técnico/a superior en radioterapia
Técnico/a especialista superior non sanitario/a (G-7-06)	Técnico/a especialista en sistemas e tecnoloxías da información
	Grupo administrativo da función administrativa
Técnico/a especialista superior non sanitario/a coordinador/a (G-7-07)	Grupo administrativo da función administrativa

Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria

Posto de traballo	Categoría básica de homologación
Administrativo/a (G-7-04)	Grupo administrativo da función administrativa



